

Son Genoveva, unha das fillas de Pascual e Celestina das Aguias. A nosa casa, onde vivín ata que casei con Sergio de Mañas, era a máis próxima á da familia de Tita Cal, o Mesón de Vázquez.

A relación entre as dúas familias sempre foi moi boa. Nas noites de inverno, como o traballo non era moito, iamos xogar ao parchís con Elena, unha das tías de Tita. Segundo dicía, durmía mal e as noites facíanselle moi longas. Cando o señor Vázquez se puxo moi enfermo, chamou ao papá e pediulle que fixese o posible para que seguisen levándose igual de ben.

Tita volveu de Cuba cando eu era moi pequena, pero lembro unha cociña coa que xogabamos nas escaleiras que había por fóra da casa do Mesón. Aquilo era unha novidade para nós porque non tiñamos nada mercado co que xogar. Ás veces, o seu irmán Armando aparecía moi amodiño cunha ra ou un sapo que lle metía a Tita polo seo abaixo. Os berros eran moitos e non paraban ata que sacaba aqueles bichos. Armando era moi traste, pero con nós nunca se metía. Outras veces entraba correndo na nosa casa, subía polas escaleiras do cuarto e saltaba do balcón embaixo. Nunca lle pasou nada. O papá sempre lle dicía:

–A onde vas, ho?

–Logo volvo -contestáballe.

Pepe, o outro irmán, viña moitas noites pola nosa casa e preguntaba se fixeramos as papas porque lle gustaba coller unha culler e rascar a pota. Era do tempo de meu irmán Toñito. Recordo un dos seus xogos preferidos, agocharse nas caixas dos mortos que estaban á venda no Mesón.

Chega o día da voda. Tita recibía aos invitados e ás invitadas nunha sala da primeira planta. Estaba tan fermosa con aquel vestido branco! Fomos á igrexa as tres irmás e logo, Carme, como era a máis nova, comeu co resto dos invitados. A miña irmá Lola e mais eu axudamos ás curmás do Porto a carretar a comida desde a casa ata as mesas que había na fraga. As súas curmás do Burgo eran as que servían. Tamén había música. Un neno duns trece anos, sobriño do noivo, tocaba o órgano. Hai pouco souben que aquel neno é hoxe o señor Beiras, o político.

(O meu agradecemento ás persoas organizadoras deste acto por invitarme a participar nel)